



En cumprimento do disposto no artigo 32 do Real decreto 678/2023, do 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso ás prazas dos devanditos corpos, faise público que o vindeiro luns, día 3 de novembro de 2025, ás 10:00 horas, no despacho da Secretaría Xeral, na Reitoría, terá lugar o sorteo público ao que se refire o punto 6.3 da Normativa reguladora do procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada polo Consello de Goberno na sesión do 7 de novembro de 2024.

O dito sorteo realizarase co fin de proceder á constitución das comisións avaliadoras encargadas de xulgar as prazas de profesorado titular de universidade, profesorado permanente laboral e profesorado axudante doutor/a que serán sometidas á aprobación do Consello de Goberno da Universidade da Coruña na sesión prevista para o 4 de novembro de 2025.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Persoal docente e Investigador

M. del Pilar Mahía Porto